

Expte nº 664/2023

RESOLUCIÓN

Logo de ve-la proposta de bases elaboradas pola Concellaría de Igualdade para a convocatoria do **“CONCURSO DE MICRORRELATOS – IGUALDADE CONTA COMIGO!”** deste ano 2023,

despois de ve-lo art. 4 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e a súa disposición adicional 10.^a, e tamén tendo en conta que neste caso non se trata de premios que se concedan sen a solicitude previa da persoa beneficiaria, e a fiscalización de conformidade da Intervención municipal;

logo de ver que o importe dos premios convocados é de 600 € e que existe crédito orzamentario na aplicación orzamentaria 2313.22109,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-las bases reguladoras e a convocatoria do **“CONCURSO DE MICRORRELATOS – IGUALDADE CONTA COMIGO!”** que se inclúen como anexo a esta resolución.

SEGUNDO.- Autoriza-lo gasto para a concesión dos premios polo importe de 600,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2313.22109 do orzamento municipal do ano 2023.

TERCEIRO.- Dispor que se lles dea publicidade ás presentes bases mediante a súa publicación no taboleiro de edictos da corporación e mediante carteis e folletos informativos e outros medios que sexan precisos para xeral coñecemento.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución ó Pleno da corporación na vindeira sesión que se realizar.

A Pobra do Caramiñal

O alcalde

O secretario

(documento asinado dixitalmente)



ANEXO

BASES DO CONCURSO DE MICRORRELATOS “IGUALDADE, CONTA COMIGO!”

1. FINALIDADE

A Concellaría da Igualdade do Concello da Pobra do Caramiñal convoca o **concurso de microrrelatos “Igualdade, conta comigo!”**, co obxecto de fomentar entre a poboación uns valores baseados na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e eliminar comportamentos e actitudes que manteñen os estereotipos de xénero. Trátase de impulsar un exercicio de reflexión, sensibilización e difusión para fomentar estes valores entre a poboación.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar tódalas persoas que teñan máis de 12 anos de idade. Estabelécense dúas categorías:

categoría adolescente: persoas cunha idade comprendida entre os 12 e os 17 anos (inclusive);

categoría adulta: persoas dende os 18 anos de idade.

As persoas menores de idade terán que contar coa autorización da que teña a súa representación legal (nai, pai ou titor/a legal) recollida no ANEXO I. Se non disporen desta autorización serán excluídas do concurso.

3. TEMAS

Deberán tratar sobre o tema e lema do concurso: “Igualdade, conta comigo!”. A trama do relato débese centrar na igualdade de xénero e de oportunidades entre mulleres e homes, a participación social, política e laboral, apoderamento feminino, masculinidades positivas e convivencia en igualdade.

Deben transmitir mensaxes relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes. Valorarase o enfoque positivo e actual dos relatos e considerarase o fomento de valores igualitarios que rompan cos estereotipos e roles discriminatorios co fin de conseguir unha sociedade máis igualitaria.

4. FORMATO DOS TRABALLOS E PERÍODO DE ENTREGA

-AUTORÍA E ORIXINALIDADE: o relato deberá estar escrito en lingua galega, ser orixinal do autor ou da autora e inédito (isto é, non debe ter sido publicado en ningún medio ou soporte nin ter recibido previamente ningún premio ou accésit noutro certame nacional ou internacional, nin ser simultaneamente presentado noutros concursos, e debe estar libre de calquera compromiso editorial).

-EXTENSIÓN E FORMATO: o texto terá unha extensión máxima de 150 palabras (sen conta-lo



título). Presentarase en formato PDF, co tipo de letra Arial, de tamaño 12 e espazamento entre liñas do tipo “sinxelo”.

O período de entrega dos microrrelatos remata no 30 de marzo de 2023.

5. PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

Os traballos, en formato PDF, serán dirixidos á Concellaría da Igualdade polo correo electrónico ó enderezo igualdade@apobra.gal co nome ou asunto **Concurso de microrrelatos “Igualdade, conta comigo!”**.

Neste correo enviaranse os seguintes documentos adxuntos:

- a) **Documento n.º 1:** o nome do arquivo será o título do microrrelato. Nel figurará o título do microrrelato, o nome e os apelidos, a idade, o curso (no caso de ser estudante), o enderezo electrónico e o teléfono de contacto.
- b) **Documento n.º 2:** o nome do arquivo será “Microrrelato”. Nel figurará o título do microrrelato e o texto.
- c) **Documento n.º 3:** o nome do arquivo será “Autorización”. Tódalas persoas participantes deben acompañala autorización da que teña a súa representación legal (nai, pai ou titor/a legal).

6. XURADO E CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os traballos gañadores do concurso serán elixidos por un xurado entre tódalas propostas que cumpran os requisitos sinalados nas bases e recibidos dentro do prazo fixado.

Os microrrelatos seranlle trasladados ó xurado mantendo o anonimato das persoas participantes.

O xurado será nomeado pola Concellaría da Igualdade.

Os criterios para ter en conta na valoración das obras serán os seguintes:

- a utilidade do texto para a sensibilización social a favor da igualdade
- a orixinalidade nos temas elixidos, así como a perspectiva dende a cal se traten
- a creatividade
- a calidade

A decisión do xurado será inapelábel.

7. COMUNICACIÓN DO DITAME DO XURADO

As persoas gañadoras serán nomeadas por unha resolución da Alcaldía, que se publicará no Facebook da Concellaría da Igualdade da Pobra do Caramiñal e na *web* municipal www.apobra.gal. Tamén se avisará a través do correo electrónico ou teléfono as persoas gañadoras.

8. PREMIOS

Os premios consistirán exclusivamente en bonos de compra na plataforma *web* do comercio local <http://www.deanshop.es>.



- **Categoría adolescente.**- Estabelécense 3 premios:
 - primeiro premio: bono valorado en 150 €
 - segundo premio: bono valorado en 100 €
 - terceiro premio: bono valorado en 50 €

- **Categoría adulta.**- Estabelécense 2 premios:
 - primeiro premio: bono valorado en 200 €
 - segundo premio: bono valorado en 100 €

O prazo para emprega-los bonos de compra será UN MES dende a publicación da resolución da Alcaldía pola cal se nomean as persoas gañadoras.

9. PROPIEDAD INTELECTUAL

Tódolos traballos presentados quedarán en propiedade do Concello da Pobra do Caramiñal, que reserva para si o dereito á reprodución, edición e exhibición deles sen límite de tempo nin lugar e en calquera medio ou publicación, facendo sempre mención da autoría.

10. NORMAS FINAIS

A organización do concurso reserva para si o dereito a deixar sen adxudica-los premios, se os traballos presentados non alcanzaren a calidade mínima ou non plasmaren a idea central do concurso. A participación no concurso supón a plena aceptación das bases e da decisión do xurado.

ANEXO I

AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE MICRORRELATOS “IGUALDADE, CONTA COMIGO!”

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL:

Nome e apelidos:

NIF:

Teléfono:

Correo electrónico:

DATOS DA/O MENOR:

Nome:

Idade:



AUTORIZACIÓN

A persoa representante legal antes mencionada autoriza a/o menor, tamén mencionada/o, a participar no **concurso de microrrelatos “Igualdade, conta comigo!”**, organizado polo Concello da Pobra do Caramiñal.

..... de de 2023

Sinatura:

